

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,220	-0,03	<p>En 11 semanas o porco baixa -0,34 € e parece ter tocado fondo: Ainda que non se coincide ao 100%, parece que o porco podería ter tocado fondo na presente semana; porén non se descarta que poida perder algún céntimo na última semana de mes.</p> <p>Situación de mercado: O mercado do porcino atópase presionado polo mercado da carne; o baixo consumo, a febleza do dólar con respecto ao euro (perda de competencia nos mercados extracomunitarios a favor de americanos e brasileiros) anega ao mercado intracomunitario (Europa é exportadora neta de porcino); e por se foran poucos os problemas, desta situación de febleza tiran proveito as grandes superficies comerciais cunha guerra de prezos aberta entre elas para conseguir cota de mercado. Así, aínda que a oferta sexa curta para o que se demanda, os prezos están presionados á baixa cada semana.</p> <p>Mercados Europeos: Alemaña estabiliza as cotizacións de referencia, se ben os matadoiros ameazan cun -0,03 €, dando lugar a un mercado con dous prezos; mentras os outros mercados europeos van claramente á baixa: Bélxica, Dinamarca, Holanda, Italia e Francia (que marca esta semana o mínimo da UE).</p> <p>Previsións: Novembro non é estacionalmente un bo mes para o consumo; porén agárdase un lixeiro respiro despois da sangría dos últimos dous meses e medio.</p>
SELECTO	1,005	-0,02	
NORMAL	0,980	-0,02	
CASTRADO	1,450	0,00	
CANAL II	1,273	-0,026	
DESVELLE	0,70/0,76	0,00	

BACORIÑOS

PROCED	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF	
ÚNICA	1,50	30,00	0,00	<p>Quinta semana cos prezos a 30 € Como xa se vén comentando nas últimas semanas, o desplome do cebo provoca unha apatía no mercado dos bacoriños; e isto a pesares de que a oferta dos bacoriños é curta. A explicación é sinxela: aínda cunha oferta curta, o desplome no mercado do cebo das últimas semanas fai que o cebadoiro se volte a repensar as súas estratexias; aínda que hai ocos que encher (que podería considerarse demanda potencial), a caída e as malas previsións que fai o cebadoiro e que van a peor con cada descalabro do cebo, desalenta esta demanda, mesmo que as cotizacións baixen. Non é polo tanto cuestión de prezo, senón de expectativas do cebo, e estas mentras non troque a tendenza do cebo son, negativas.</p> <p>Os prezos poden ter tocado xa fondo: O mercado preséntase cunha demanda moi limitada; os cebadoiros perderon a confianza a catro meses vista; porén, atopándonos nunhas cotizacións claramente inferiores aos custos de produción, a produción defende con uñas e dentes este umbral dos 30 €; agárdase pois que o prezo non baixe máis.</p>
VARIAS	1,25	25,00	0,00	

BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA:
ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MÁIS).
DE VARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)

OVOS

CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,77	-0,05	1,77	-0,05	<p>Baixa na gramaxe superior e subas importantes, sobre de todo nas gramaxes máis baixas: A pesares das variacións producidas no mercado do ovo na presente semana (baixa clara no XL e suba nas demais gramaxes) todas as gramaxes amosan un comportamento positivo nos dous últimos meses (+0,02 € o XL; +0,13 € o L; +0,13 € o M; e +0,10 € o S).</p> <p>O mercado atópase equilibrado; as existencias mantéñense (suben as existencias nas gramaxes máis altas descendendo nas inferiores); o nivel de demanda é normal, mentras a produción soe recurtarse lixeiramente nestas datas; en canto ao exterior, tendenza entre estable e lixeiras subas nos principais mercados europeos.</p>
L	1,50	+0,01	1,50	+0,01	
M	1,39	+0,04	1,39	+0,04	
S	1,09	+0,04	1,09	+0,04	

GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS		
	KG.	DIF	
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,15/0,25	0,00	<p>Segunda semana con estabilidade nas cotizacións: A pesares do alivio das últimas dúas semanas, provocado con toda probabilidade pola baixa actividade da semana pasada polo festivo do 12 de outubro, a tendenza das galiñas no que resta de ano terá que ser á alza.</p> <p>A oferta é reducida (atrás quedan as reposicións estacionais lóxicas) o que fai que os prezos presionen á alza, aínda que neste ano son moi lixeiros (+7 céntimos nas cinco últimas semanas).</p> <p>As cotizacións amplían nesta semana os diferencias respecto a 2008 (-14 céntimos; -35,90%).</p>

COELLO

	EUROS		
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO			<p>En máximos anuais: Con certo atraso sobre outros anos, e coa inesperada suba da pasada (aínda así as cotizacións son inferiores aos 2,12 € de 2008), as cotizacións parecen transitar polos seus máximos anuais; porén o mercado non aparece exento de riscos: cun calendario apretando e pese a que se reconece unha menor oferta á doutros anos (segundo zonas máis pronunciada), o consumo afoga; ademais a estratexia de presión sobre os prezos das grandes cadeas comerciais, parecen indicar que poucas semanas máis se poida manter este nivel de cotizacións.</p>
NOVO	1,95 €	0,00	

CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA

 Recinto feiral, s/n
 36540 Silleda - Pontevedra
 Telf: 986 577000 Fax: 986 580865
www.feiragalicia.com

En colaboración coa:


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL


COTIZACIÓNS POXA DE GANDO DO DÍA 20/10/2009



Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	141.620
TOTAL ASISTENCIA	670		
TOTAL ADXUDICADOS	632		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	88	72
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	101	83
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	123	135

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	346	269
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	392	272
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	397	309

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	342	330
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	430	438

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	195.320
TOTAL ASISTENCIA	364		
TOTAL ADXUDICADOS	336		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.479
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	958
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	515
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	236

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	48.228
TOTAL ASISTENCIA	78		
TOTAL ADXUDICADOS	68		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,32	1,20
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,35	2,26
RAZA RUBIA GALEGA	2,40	2,36

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría